



Bateria de iniciativas parlamentares do BNG polo Plan de Transporte en Ortoño, Bugallido e Biduído.

Dúas proposicións non de lei, unha para o seu debate no Pleno e outra en comisión, e dúas Preguntas para resposta, unha para resposta oral en Comisión e outra para resposta escrita.

O BNG de Ames xa criticara o fondo e a forma do Plan de Transporte Metropolitano en novembro do ano pasado, antes da súa aprobación pola xunta.

No día de hoxe, 8 de febreiro de 2021, o Grupo Parlamentar do BNG no Parlamento Galego presentou unha **serie de iniciativas parlamentares** sobre o **problema orixinado polo Plan de Transporte Metropolitano** recentemente aprobado pola Xunta nas parroquias amesás de Ortoño, Bugallido e Biduído.

A iniciativa, partindo das parlamentarias *Paulo Ríos Santomé, Luís Bará Torres e Iria Carreira Pazos*, consiste en **dúas Proposicións non de lei** e **dúas Preguntas para resposta**, onde se describe de xeito pomenorizado como unha liña de autobús que viña operando por 50 anos foi eliminada dun día para o outro sen alternativa para os veciños e veciñas.

Circunstancia agravada polo feito de que **dentro das alegacións** que se presentaron polo Concello de Ames, do que forma parte o Bloque Nacionalista Galego, **ía incluída a solicitude** ao goberno galego de que **engadira esta liña ao Plan**, xunto con outras melloras ao servizo.

Algunhas das **preguntas** que o Grupo Parlamentar do BNG remitiu ao goberno galego para a súa contestación foron: os **motivos polos que non se incluiu esta liña** no Plan de Transporte Metropolitano, **que vai facer a Xunta para dotar do servizo de transporte á veciñanza afectada** e cal foi o **motivo do rexeitamento das alegacións** feitas polo Concello de Ames no ano 2017 para a inclusión desta liña no Plan de Transporte.

As **proposicións** non de lei inciden directamente no problema, ao **instar á Xunta a que modifique o Plan de Transporte Metropolitano** para **reverter** a situación de **falta de servizo do transporte colectivo** nas parroquias de Ortoño, Bugallido e Biduído.

Como BNG de Ames xa advertíramos desde novembro de 2020 das **grandes eivas do Plan**, da **pouca transparencia** por parte da Xunta na súa redacción e aceptación de alegacións así como a **falta de incremento de liñas**. Todo isto, sumado ao **deficiente servizo** que están a padecer os núcleos urbáns do concello actualmente obrigará ao BNG a seguir a **esixir** ao goberno galego unha **modificación sustancial deste Plan de Transporte**.